

CATÁLOGO

CARPETA 08.CAT

MEMORIA

1. O patrimonio catalogado no ámbito da modificación puntual	3
2. A incidencia da modificación puntual no Catálogo do PXOM	8
3. Conclusións.....	9

ANEXO I. Prego de condicións para a redacción da Modificación puntual do PXOM nas áreas afectadas polas delimitacións dos Camiños de Santiago	11
---	----



1. O PATRIMONIO CATALOGADO NO ÁMBITO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL

O CASTRIÑO DE CONXO

No sector de solo urbanizable SUD 9-10 está situado o xacemento arqueolóxico do Castriño de Conxo, que contén un asentamento fortificado prerromano (o castro) e que conta cunha rocha con varios petróglifos.

Tanto o castro como os petróglifos están incluídos no Catálogo de bens de interese cultural de Galicia e no propio Catálogo do Plan xeral, coas referencia GA15078041 e GA15078084.

Antecedentes


No marco dos traballos para o desenvolvemento dos solos urbanizables programados SUNP-21, SUNP-22 e SUNP-23, previstos no anterior Plan xeral (PXOU 1989), o Concello de Santiago encargou un estudo arqueolóxico do ámbito, que foi realizado pola arqueóloga M^a Dolores Gil Agra.


O citado estudo concretouse nun documento denominado “Memoria técnica dos traballos de prospección arqueolóxica intensiva e delimitación planimétrica desenvolto no Castriño de Conxo (SUNP-21, SUNP-22, SUNP-23). Santiago de Compostela”, presentado no Concello de Santiago en xaneiro de 2002.



No citado traballo identificábanse as estruturas recoñecibles do castro, os gravados e outros elementos e propoñíanse os ámbitos e medidas de protección que se consideraba necesario establecer.

Nas imaxes seguintes móstranse as conclusións sobre a zonificación que resultaban do antedito estudo, e que foron tidas en conta na proposta para o desenvolvemento do sector.





Destes solos que estaba previsto acometer, e que foron obxecto de estudo, só foi desenvolvido o denominado SUNP-22 -Volta do Castro-, hoxe xa executado, quedando sen desenvolver os sectores denominados SUNP-21 -Chouchiños- e SUNP-23 -Estrada de Vigo-.

O Plan xeral hoxe vixente (PXOM 2008) fusionou estes dous ámbitos de planeamento nun único sector denominado SUD 9-10 -Estrada de Vigo-Chouchiños-, que é o que hoxe nos ocupa.

O PXOM vixente tivo en conta os antecedentes expostos, incorporou ao seu catálogo os elementos referidos, como xa indicamos e no artigo 67 da súa normativa, que define as

condicións para o desenvolvemento do sector SUD 9-10, estableceu as cautelas oportunas para garantir a axeitada protección dos elementos catalogados e a súa posta en valor, que se incorporarán, a través do plan parcial, ao sistema de espazos libres de carácter público. No artigo 176.7 do PXOM sinálase tamén a obriga de incorporar o ámbito de protección integral e a zona de respecto especial ao sistema de espazos libres públicos.

Así, o PXOM vixente establece, para este ámbito, a obrigatoriedade de realizar, con carácter previo á elaboración do plan parcial as intervencións arqueolóxicas necesarias para avaliar a potencialidade arqueohistórica do subsolo e poder establecer, desde a Dirección Xeral de Patrimonio, as condicións de elaboración do plan parcial e da execución das obras, que garantan a conservación in situ dos restos arqueolóxicos que poidan existir.

O CAMIÑO PORTUGUÉS

O Camiño Portugués é un elemento de interese cultural catalogado.

O seu trazado e ámbito de protección foi obxecto dun expediente de DELIMITACIÓN, aprobado pola Xunta de Galicia no ano 2013, isto é, nun momento posterior á aprobación do vixente Plan xeral. Polo tanto, o trazado que reflicte o PXOM vixente é distinto do delimitado pola Xunta, prevalecendo este de xeito definitivo, cos efectos previstos na súa delimitación e na normativa específica de protección dos Camiños de Santiago.

Na imaxe mostrase o trazado que recolle o PXOM vixente, extraído da ficha do catálogo do PXOM, coa referencia do ámbito do sector SUD 9-10:



Como xa dixemos, con posterioridade a aprobación do PXOM leváronse a cabo os traballos de estudo para completar a delimitación dos Camiños de Santiago que culminaron no DECRETO 154/2013, do 5 de setembro, polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela, que recolle o trazado definitivo e as zonas de afección dos camiños citados.


No caso do Camiño Portugués, modifícase substancialmente o trazado recollido no PXOM vixente, establecendo un tramo con dúas variantes, a de Conxo e a de Santa Marta. Esta última variante atravesa o extremo leste do sector SUD 9-10.

Na imaxe seguinte móstrase o trazado do Camiño Portugués que resultou definitivamente aprobado, coa referencia do sector SUD 9-10.



É preciso, polo tanto, ter en conta a existencia dun tramo do Camiño Portugués no ámbito da modificación puntual, e incorporar ás previsións que procedan, tanto para o desenvolvemento do sector de solo urbanizable SUD 9-10 como para o solo urbano resultante da sentenza.

Na seguinte imaxe móstrase a superposición do trazado aprobado sobre as determinacións do PXOM vixente.



2. A INCIDENCIA DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NO CATÁLOGO DO PXOM

Incidencia da modificación puntual no Catálogo do PXOM en relación co Castriño de Conxo

A nivel de Plan xeral a modificación puntual que se está a tramitar non afecta ás previsións do PXOM aprobado e vixente sobre os bens catalogados GA15078041 e GA15078084, que non se modifican. Polo tanto, mantense a delimitación e a zonificación que consta no Plan xeral vixente, co réxime de protección do patrimonio arqueolóxico que regula o artigo 176 do PXOM, ademais do que resulte da normativa específica aplicable

Isto é sen prexuízo de que no proceso de desenvolvemento do sector e como consecuencia dos traballos de prospección e intervención arqueolóxica que se leven a cabo con carácter previo a aprobación do plan parcial, poida estimarse necesario completar ou ampliar o catálogo, que formará parte da propia documentación do plan parcial.

En conclusión, a modificación puntual que se tramita non require a modificación do Catálogo do PXOM vixente no que atinxe aos elementos antes citados GA15078041 e GA15078084.

Incidencia da modificación puntual no Catálogo do PXOM en relación co Camiño Portugués

O DECRETO 154/2013, do 5 de setembro, *polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela*, incide dun xeito substancial no Catálogo do PXOM, xa que os trazados aprobados difiren sensiblemente dos recollidos no Catálogo do Plan xeral vixente.

É preciso, polo tanto, actualizar o catálogo, para recoller o conxunto dos novos trazados, pero tamén é preciso adaptar as determinacións do PXOM á nova situación, e propoñer as condicións urbanísticas aplicables, tanto nos ámbitos que resultan desafectados, como nos ámbitos que se afectan como consecuencia da aprobación dos novos trazados.

A necesidade de adaptación do PXOM aos trazados dos Camiños de Santiago definitivamente aprobados require, polo tanto, un estudo específico, pormenorizado e exhaustivo, que excede do alcance limitado da presente modificación puntual, cuxo ámbito territorial se limita ao sector SUD-9-10 e dúas parcelas de solo urbano.

O Concello ten previsto contratar unha asistencia técnica para a elaboración deste estudo, co obxectivo específico de producir a necesaria adaptación do catálogo e das ordenanzas urbanísticas no ámbito territorial afectado por todos os trazados aprobados dos camiños de peregrinación. Neste momento está xa elaborado o prego de condicións técnicas que rexeran a contratación, que se xunta como anexo I desta memoria.

No ámbito estrito da presente modificación puntual, incorpórase a delimitación oficial do Camiño Portugués que atravesa o sector SUD 9-10, aprobada polo DECRETO 154/2013, do 5 de setembro, *polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela*. Na normativa resultante desta Modificación establécense tamén as determinacións necesarias para garantir a súa protección e posta en valor, co nivel de aproximación e precisión propio da escala de ordenación, dentro do ámbito obxecto desta modificación puntual.

O tramo incluído no ámbito do SUD 9-10 incorporárase ao catálogo do futuro plan parcial, e este deberá concretar as condicións aplicables aos terreos afectados, de acordo coa normativa de protección dos Camiños de Santiago que resulte de aplicación e cos criterios que estableza a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.

3. CONCLUSIÓN

A Modificación puntual do PXOM no ámbito do SUD 9-10 que se está a tramitar non require a modificación do Catálogo do PXOM vixente, en relación cos elementos catalogados presentes no ámbito polos motivos xa explicados, que se resumen a continuación:

O CASTRIÑO DE CONXO

- Nivel de planeamento xeral:

Non se alteran as condicións recollidas no Catálogo do Plan xeral vixente.

- Nivel de planeamento de desenvolvemento:

As novas condicións que podan resultar dos traballos de investigación arqueohistórica que se van a levar a cabo no ámbito con carácter previo á aprobación do plan parcial incluíranse no catálogo do propio do plan parcial.

O CAMIÑO PORTUGUÉS

- Nivel de planeamento xeral:

A adaptación do PXOM ao trazado definitivamente aprobado dos distintos camiños de peregrinación será obxecto dunha modificación puntual do PXOM de carácter específico, que estudará os trazados dos camiños de peregrinación no seu conxunto e a súa incidencia nas determinacións do PXOM vixente. No marco dese traballo efectuarase a corrección do Catálogo do PXOM que resulte procedente.

- Nivel de planeamento de desenvolvemento:

As condicións de protección específicas que poidan corresponder ao tramo do Camiño Portugués incluído no ámbito do Plan parcial do SUD 9-10, definiranse no catálogo do futuro plan de desenvolvemento, en coherencia coa normativa de protección dos Camiños de Santiago que resulte aplicable.

Santiago de Compostela
A xefa da Sección de Planeamento do Concello
Esther Sánchez Espiñeira, arquitecta
Asinado electronicamente

ANEXO I. Prego de condicións para a redacción da Modificación puntual do PXOM nas áreas afectadas polas delimitacións dos Camiños de Santiago